

GRAOS DO ADXECTIVO

1) Escribe os adxectivos de cada oración e selecciona o seu grado.

Esta casa é grandísima.

Os zapatos que me prestache quédanme moi frouxos.

O xersei dauquel escaparate é menos caro có de Zara.

Os zapatos que me prestache quédanme moi frouxos.

A arroutada que fixeches saíuche ben cara.

Esta mesa é máis ancha que alta.

As casas das aldeas son pequenas.

Maruxa ten o cabelo tan longo coma súa nai.

Breixo é menos antipático do que parecía.

2) Substitúe o subliñado por algún adxectivo en grao comparativo:

- Os pementos da miña horta son máis bos que os de Padrón

- Xosé é o máis pequeno dos irmáns. _____

- A sección de xoguetes está nunha planta máis alta.

- O personaxe máis malo do conto é un vampiro. _____

- A muralla chinesa é a máis grande do mundo. _____

3) Volve a escribir as oracións no caderno poñendo o adxectivo no grao que se indica:

- Hoxe o ceo está claro (SUPERLATIVO).

- Paula ten os ollos negros (COMPARATIVO DE IGUALDADE).

- Este rapaz é bó en matemáticas (SUPERLATIVO).

- Laura é pequena (COMPARATIVO DE SUPERIORIDADE).

- Aquela cadeira parece cómoda (COMPARATIVO DE INFERIORIDADE).